

Novas en Cadernos de Atención Primaria

Consello de Redacción de Cadernos de Atención Primaria. Xuño 2007

Cad Aten Primaria
Año 2007
Volumen 14
Pág. 87-87

Presentamos neste número unha nova sección chamada "Alerta Bibliográfica con Impacto Clínico". Trátase dunha descrición e un comentario dun artigo orixinal, que pola súa importancia poida introducir cambios na práctica clínica ou, en todo caso, facernos reflexionar sobre o modo de actuar cos pacientes. Apadriñada por Xosé Luis López Álvarez, intentamos tanto coa Biblioscopia como con Alerta Bibliográfica mostrar e debullar literatura médica selecta e útil para a nosa práctica. Pensamos que pode ter unha boa acollida pola concisión e utilidade dos seus contidos.

"Educación Sanitaria" recollerá todos os traballos que traten desta materia e non sexan propios da sección de Orixinais. Sería do noso agrado poder publicar con frecuencia artigos deste tema ou de experiencias de intervencións comunitarias e animámosvos a comunicar calquera experiencia, idea, proposta ou iniciativa que teñades. Estamos sedentos de papeis para esta sección.

É un obxectivo para este ano, ao abeiro dos próximos cambios da páxina web promovidos pola AGAMFEC, ofrecer unha información máis actualizada e útil por internet, que permita visualizar mellor os números da revista e o material adicional tanto en formato texto como audiovisual.

Queremos que Cadernos de Atención Primaria, ademais de ser unha revista importante no ámbito profesional e científico en Galicia, permita expresar os nosos/vosos pensamentos, reflexións ou sentimentos sobre a consulta, a profesión, a ciencia ou sobre a vida. Unha poesía, un conto, unha narración breve, unha anécdota, unha descrición e comentario de calquera obra literaria. Todo serve para que o autor nos acerque unha parte da súa intimidade, da súa personalidade, dos seus intereses. "Humanidades" permítenos coñecernos noutras facetas diferentes da estritamente profesional. O Consello de Redacción buscará colaboracións de calidade pero será unha sección viva e cercana na medida en que os lectores se fagan propietarios da mesma.